

EXTRACTO da Orde do 2 de maio de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, do Premio Elías Valiña para distinguir o labor revitalizador dos valores propios dos Camiños de Santiago, e se convoca a súa XXVI edición para o ano 2025 (código de procedemento CT141A).

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdns/index>).

Primeiro. Persoas beneficiarias

Poderán participar as asociacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro, cunha traxectoria que acredite o seu labor na protección, revitalización, fomento do coñecemento e dos valores propios do Camiño de Santiago, que desenvolvan a súa actividade tanto dentro como fóra de Galicia.

Estas entidades deberán ter acreditada unha traxectoria de, cando menos, cinco anos de funcionamento efectivo na consecución dos obxectivos establecidos na convocatoria.

Non poderán obter a condición de beneficiarias as persoas en que se dean algunhas das circunstancias previstas no artigo 10.2º e 10.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nin as que fosen premiadas nas cinco convocatorias anteriores co Premio Elías Valiña.

Segundo. Finalidade

Esta orde ten por obxecto a convocatoria e o establecemento das bases reguladoras da concesión do Premio Elías Valiña, para distinguir o labor revitalizador dos valores propios dos Camiños de Santiago como un recoñecemento institucional e social ao esforzo protector e de fomento do coñecemento e dos valores propios dos Camiños

de Santiago, por parte das asociacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro que inclúan estes fins no seu obxecto social (código de procedemento CT141A).

Inclúese, así mesmo, a posibilidade de que o xurado propoña unha mención especial, sen dotación económica, a unha persoa física que, pola súa sensibilidade e interese, teña contribuído coa súa traxectoria vital ao fomento dos valores culturais dos Camiños de Santiago. Esta mención só poderá outorgarse de xeito individual.

O premio poderá outorgarse de xeito individual ou compartido, ou declararse deserto.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 2 de maio de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, do Premio Elías Valiña para distinguir o labor revitalizador dos valores propios dos Camiños de Santiago, e se convoca a súa XXVI edición para o ano 2025 (código de procedemento CT141A).

Cuarto. *Importe*

A convocatoria realízase con cargo á aplicación orzamentaria 13.04.433A.781.0, que figura dotada no orzamento de gastos da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude dentro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2025, por un importe máximo de 15.000 € (quince mil euros).

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de candidaturas será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes. A solicitude irá dirixida á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2025

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

P.D. [\(Orde do 28.6.2024\)](#)

Elvira María Casal García

Secretaría xeral técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude_